



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E UN DE MAIO DE DOUS MIL SETE.**

**ASISTENTES:**

**ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. Melchor Roel Rivas

**CONCELLEIROS:**

D. Francisco Luís Rodríguez Guerreiro, D. José Luís Docampo Fortes, D. Rafael Luís Fernández Amor, D. José Antonio Goás Basanta, D<sup>a</sup>. María Rebeca Fernández Martínez, D<sup>a</sup>. Ana María Basanta Tojo, D. César Ricardo Naval Parapar, D. César Aja Mariño, D. José Joaquín Gayoso Roca, D. Guillermo Leal Arias, D. Justo Vicente Vázquez Chao, D. Antonio Solla Díaz, D<sup>a</sup>. Marta Pérez Lage, D<sup>a</sup>. Rosario Canoura Labayén, D. Antonio José Bouza Rodil e D. Orlando Expósito Mariño.

**INTERVENTOR**

D. Fidel García Martul

**SECRETARIA ACCIDENTAL:**

D<sup>a</sup>. Fátima Moar Rivera

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as dez horas do día vinte e un de maio do dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos Sres. concelleiros relacionados anteriormente, así como da secretaria accidental, D<sup>a</sup>. Sara Martínez Álvarez, celébrase sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira da convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde declárase aberto o mesmo.

**1º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO ANO 2005.**

Comeza a súa intervención o Sr. Alcalde dicendo que a Conta Xeral xa se tratou na Comisión Informativa de Economía e Facenda e que non procede o seu debate.

A continuación, polo Sr. Interventor dáse lectura da certificación de Secretaría que, textualmente, di:

“Que sendo obxecto de dictamen informativo a Conta Xeral do 2005, publicouse o 16 de abril do 2007, anuncio de información pública, no Boletín da Provincia, núm.: 86, de 16 de abril de 2007. E que unha vez transcorrido o prazo para a presentación de reclamacións ou reparos, pola presente certifícase que non consta a súa presentación polos interesados.”

A seguir, intervén o Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, manifestando que o seu grupo non está conforme, e que entenden unha desconsideración aprobar a Conta Xeral do 2005 cando falta por aprobarse outras de anos anteriores como: 2002, 2003 e 2004.

Por outra banda, continúa na súa intervención, e solicita explicacións polo Sr. Alcalde referentes aos seguintes puntos:



1º) A Conta Xeral está integrada pola da propia entidade, e debería aportarse as contas aprobadas das sociedades municipais unipersoais “Turviveiro” e “Aparcamientos A Mariña”, de capital integramente municipal.

Informouse repetidamente ao Concelleiro de Facenda e ao Sr. Alcalde desta obriga e non se recibiu resposta escrita.

As contas anuais das sociedades municipais de capital non integramente local non forman parte da Conta Xeral, se ben deben ser rendidas e aprobadas polo órgano competente das mesmas antes da súa remisión á Entidade Local, antes do 15 de maio do exercicio inmediato seguinte ao que correspondan.

2º) A conta 555 correspondente a partidas pendentes de aplicación ten un saldo acredor de 2.679,30 € (2.679,30 € Ano 2004). Este saldo corresponde a diferencias de arqueo relativas a ingresos cuxa orixe se descoñece.

3º) A nova Instrucción Contable tamén obriga a cancelar todos os pagamentos a xustificar pendentes no 2005, ao menos a 31 de decembro do 2005. Dous destes pagamentos non se poideron cancelar co reintegro das cantidades pagadas ou coa aportación dos xustificantes de gasto. Son os seguintes. Nesta situación atopábanse dous pagamentos a xustificar feitos a D.Melchor Roel, por unha contía de 1.000 e 200 €uros. Ante a imposibilidade de cancelalos definitivamente a 31 de decembro de 2005, optouse por non reflectilos a 31 de decembro.

4º) No orzamento municipal do ano 2004, non se incluíron como nominativas as subvencións que se dan aos clubs deportivos polo que hai que entender que estamos ante unha subvención non nominativa e non consta por escrito a xustificación da existencia de razóns de interese público social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

5º) Outras aspectos a considerar sobre unha serie de facturas por actuacións musicais.

De D. Andrés Gómez Fernández, o total é de 103.201 €uros.

Por todo elo, o seu grupo político vai a rechazar a aprobación á Conta Xeral.

Intervén, seguinte, o Voceiro do BNG, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, indicando que as subvencións se aprobaron en Xuntas de Goberno e comenta que as nominativas poden darse, debendo xustificalas, e que non houbo reclamacións relativas á Conta Xeral do 2005, polo que o seu grupo vai votar a favor da súa aprobación.

A continuación, o representante de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, di que este tema foi obxecto de debate na Comisión Informativa, e que o tema de “Turviveiro” se aclare, tanto polo Interventor como polo órgano competente, pero que vai votar a favor da aprobación da Conta Xeral de 2005.

A seguir, o Sr. Alcalde, manifesta que este asunto xa se tratou en sesións da Comisión Informativa e agora non é o momento de debate, senón de proceder a aprobala.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por maioría absoluta, de nove votos a favor (PS de G-PSOE, BNG e IU-) e oito votos en contra (PP), acorda aprobar a Conta Xeral correspondente ao ano 2005, obrando a documentación da mesma no departamento de Intervención municipal.



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
VIVEIRO**

---

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

Dáse traslado do presente acordo ao departamento municipal de Intervención para a súa tramitación.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as doce horas, estendéndose de todo o tratado a seguinte acta, da que eu, Secretaria accidental, dou fe.